DARWIN E A EVOLUCIÓN
2009 ANO DARWIN

27 de maio ás 20:00 no Paraninfo da USC

Escoitas arredor de Darwin e á música nos tempos de Darwin

Grupo Instrumental Siglo XX
Dirección, Florian Vlashi

Organiza: Vicerreitoría de Cultura da USC

Programa

Presentación:
" Darwin, Haydn, Mendelssohn - Tres aniversarios" por Florian Vlashi

Joseph HAYDN (1732–1809)
"As sete últimas palabras de Xesús na Cruz"
(selección)
Introduzione. *Maestoso ed Adagio*
Sonata II,*Grave e Cantabile*
Sonata V. *Adagio*
IL Terremoto. *Presto e con tutto la forza*

"Charles Darwin - As súas preferencias artísticas segundo o seu fillo Francis Darwin"

Juan DURÁN
"Metamorfose sobre un tema de Beethoven" (2006)
para trío de corda

"Unha simulación sónica da evolución do home" por Helena Palma

Helena PALMA
"A orixe do home" - Homenaxe a Charles Dawin
Unha simulación sónica da evolución do home
(Estrea absoluta)

Para violín solo e banda magnética

A nada.
A fermosa Diqinesh.
Homo habilis. A invención de ferramentas de pedra.
Homo ergaster. O ritmo do traballo
Homo erectus. O lume. O descubrimento da melodía
Homo antecesor: Un funeral. O diálogo duns nenos e o panel de mel. Palabras de amor.

Os fragmentos recitados pertencen ás seguintes obras:

_Charles Darwin 1871, The descent of man, and selection in relation to sex. London: John Murray. 1st ed. Cap. 3.

_Xosé Neira Vilas
"Pedra". En *Dende gres*. A Coruña. Espiral maior. 2004.

_Antonio Domínguez Rey
"Ritmo". En *Fendas*. A Coruña. Espiral maior. 1991

_Miguel Anxo Fernán Vello
"Lingua", en *Diccionario do estremecemento*. A Coruña. Espiral maior. 2007

_Xulio L. Valcárcel
"Amor". En *Casa última*. A Coruña. Espiral maior. 2003

_Charles Darwin, *A orixe das especies* [1859]. Universidade de Santiago de Compostela. Fundación BBVA. 2003. Cap. 15, p. 688.

Grupo Instrumental Siglo XX

Florian Vlashi, violín (solista)
Stefan Utanu, violín
Arben Llozi, viola
Rediana Lukaçi, violonchelo

Juan Rey, narrador e ruidista

Os centenarios e celebracións están a convertirse en ambientes propicios para as interrelacións culturais entre os máis variados campos e xéneros. A música é, de seu, unha linguaxe e como tal chega moitas veces aló onde a palabra perde a súa eficacia. Neste marco é no que, cecáis, poidamos interpretar o concerto de hoxe.

E é que, se exploramos o evidente na relación de Darwin coa música, atopámonos con datos que nos poideran facer desistir de intentar unha tal aventura: os seus biógrafos din que Darwin era incapaz de recordar unha melodía recen tocada ou mesmo de levar un ritmo co pé. Non é un bo dato para comezar. Curiosamente, a súa muller, Emma, era unha competente pianista alumna de Chopin, e é moi probable que tentara deleitar a Charles ao pianoforte. Tamén parece que, durante os seus estudos en Cambridge, Darwin disfrutaba escoitando o afamado coro do King's College. Un dato que sí coñecemos é que entre os seus músicos favoritos atopábanse Mozart e Beethoven o cal poida ser

moito….ou case nada, xa que os dous son os músicos que, xunto con Haydn, forman o formidable trío omnipresente no tránsito do século XVIII ao XIX.

Precisamente, de Haydn celebramos tamén este ano o aniversario do seu pasamento (en 1809) feito que o Grupo Instrumental Siglo XX aproveita para iniciar o programa. Pero máis aló desa coincidencia, como se dicía ao comezo, podemos escoitar a primeira peza do programa de hoxe pensando en relacións máis profundas. E sen dúbida as hai entre o racionalismo do século XVIII e o xurdimento na música dun novo estilo: o Clasicismo. Este estilo ten en Haydn o seu maior artífice, e a orde que as teorías de Darwin introduciron no eido biolóxico ten un paralelismo evidente na "civilizada" música haydiniana. Fronte a teorías creacionistas e doutra índole, a razón triunfa na teoría de Darwin, do mesmo xeito que o fai, por medio da máxima orde e xerarquía musical, na obra de Haydn. A peza de hoxe, encargada por un relixioso de Cádiz para acompañar a meditación do venres santo, "evolucionou" dunha versión orixinal orquestral para adaptarse a un medio que Haydn dominaba cunha mestría absoluta: o cuarteto de corda. Esa versión é a que ten sobrevivido con máis éxito e que, aínda hoxe en día, é interpretada e gravada con relativa frecuencia.

Acompaña a Haydn, no programa, unha obra do galego Juan Durán. O propio título da peza xustifica por sí mesmo a súa inclusión no programa. Variación, diferencia, metamorfose... son termos empregados polos músicos dende hai alomenos 500 anos para describir un tipo de obra na que un tema ou melodía (orixinal ou non) é transformado e cambiado para producir unha nova peza musical. A morfoloxía do orixinal ten que ser recoñocible, adaptada a novos instrumentos, orquestracións ou estilos: a evolución estableceuse na música moito antes de que Darwin nola fixera ver na natureza.

E por último, temos a honra de rematar o programa cunha estrea absoluta de Helena Palma, "A orixen do ser humano, Homenaxe a Charles Darwin", unha composición escrita por esta autora para Florian Vlashi e en estreita colaboración co músico.

"A orixen do ser humano" é un poema sónico que está inspirado no libro de Charles Darwin *The Descent of Man* (1871) e nas súas ideas sobre a orixe e a evolución das especies descendentes do xénero *homo*. OSH está construído como unha simulación dos sons que, conxeturamos, poderían constituír a pre-linguaxe usada polos seres dalgunhas das especies fósiles do xénero *homo* que precederon evolutivamente ao *Homo sapiens* moderno. OSH céntrase no mundo dos sons de 5 especies: Australopithecus afarensis (4,2-2,6 mill.), Homo habilis (2,5-1,6 mill.), Homo ergaster (1,9-1,4 mill.), Homo erectus (1 mill.-100.000), Homo antecesor (800.000).

Australopithecus afarensis utiliza o grito como unha forma de pre-linguaxe para expresar os seus sentimentos e comunicarse co grupo. A sintaxis destea linguaxe é holística e as oracións non están articuladas en elementos simples. As oracións expresan distintos tipos de emocións: susurros, gruñidos, queixas, agrado, aceptación, poder, medo, aviso de perigo. Fonéticamente son oracións-grito, cunha curva de 2 picos de frecuencias dunhas 2 ó 3 oitavas. Non distinguen as frecuencias intermedias.

Homo habilis inventa as ferramentas e desenvolve unha técnica de percusión dura. Esta especie está representada mediante sons de percusión de ritmos simples.

Homo ergaster, o traballador, descobre a simetría e desenvolve unha técnica de tallado da pedra máis complexa (cultura Achelense). É representada mediante sons de percusión con ritmos simétricos complexos.

Homo erectus vive en grupos de cazadores-recoleitores. Descobre a melodía. É capaz de identificar os puntos intermedios entre os dous picos extremos das oracións-grito dos seus antecesores. Isto permítelle utilizar oracións-melodía, que están articuladas nas frecuencias das rexións intermedias entre 1 e/ou 2 oitavas. As oracións-melodía non están articuladas en sons-fonema diferenciados. Emítense como un son-"mmmm". Conservan e acenden o lume.

Homo antecesor vive en grupos de cazadores-recoleitores. Enterra aos seus mortos. Desenvolve unha pre-lingua (melódica-tonal) máis complexa, aínda que segue empregando oracións-mmm. Son capaces de mantener diálogos e narrar historias.

(Andrés Díaz Pazos e Helena Palma, maio de 2009)

O Grupo Instrumental Siglo XX é un grupo especializado na interpretación do repertorio instrumental de cámara do século XX, que pretende achegarse ás estéticas que poboan os últimos cen años de creación musical coa flexibilidade que requiren as decenas de camiños abertos no eido da creación e experimentación musicais.

Esta formación nace en A Coruña da man do virtuoso violinista albanés Florian Vlashi e co apoio de instrumentistas procedentes do seo da Orquestra Sinfónica de Galicia, interesados na investigación e difusión do repertorio musical desta última centuria.

Florian Vlashi nace en Durres (Albania) en 1963. Empezou os seus estudos de violín á idade de seis anos. O seu pai, o coñecido escritor e director de teatro Gjergj Vlashi, tivo un papel decisivo no futuro do seu fillo.

Estuda con V. Papa, R. Stefi, I. Madhi e obtivo pola Academia de Belas Artes de Tirana o primeiro posto. En 1989 gaña o Primeiro Premio no "Concurso de Solistas e Orquestras Sinfónicas de Albania". Este mesmo ano foi director e solista da Orquestra de Corda Jan Kukuzeli, coa que realizou moitos concertos e gravacións para a RTVA. Dende 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia, perfeccionándose con G. Egger (Bachakademi Stuttgart) e L. Múller (concertino da Orquestra de Cámara de Viena).

Foi invitado a tocar na inauguración da tempada de concertos do Centro de Arte Moderno Reina Sofía, da Fundación Juan March, do Auditorio Nacional de Música de Madrid, CAIM -Salamanca, na Academia de España en Roma, no Instituto Cervantes en Nápoles, Suíza etc. e en moitos festivais de música da Coruña, Santiago, Vigo e Bilbao, e colaborou como solista co Plural Ensemble de Madrid.

En 1999 saíu ao mercado o seu CD "Andrés Gaos - Integral para violín y piano" e en xullo do mesmo ano, a televisión albanesa realizou o documental "Florian Vlashi - o violín albanés en España". Desde 1996 dirixe o conxunto de cámara Paganini Ensemble e o Grupo Instrumental Siglo XX.

Helena Palma naceu en Barcelona en 1948. Comezou a estudar piano aos 6 anos e a compoñer aos 12. Estudou no Conservatorio Superior Municipal de Música de Barcelona cos mestres Josep Poch, Joan Pich Santasusana, Manuel Oltra e María Lluisa Nadal. Posteriormente perfeccionou os seus estudos en Inglaterra con Ronald Lees e Raymond Warren. Na actualidade é profesora na Universidade da Coruña.

Escribiu obras para voz (In the Beginning was the Word), piano (Jet; Cascade; Scenarios for Constructing the Self), electrónica (A Montaña Máxica) e música de cámara (The Blue Bird; A morte do guerreiro Asmat). Entre os seus instrumentos predilectos atópase o violín, pola sutil intelixencia da voz deste instrumento, que conmove os nosos sentidos e transpórtanos ao mundo etéreo e máxico das ideas.

As súas composicións xorden da investigación unificada das distintas modalidades dinámicas de linguaxe humana (natural, formal e musical). Tamén están motivadas por un desexo de loitar en favor dos pobos en perigo de extinción. Entre os seus intereses de investigación en composición están a espacialización do son, a cuantificación do tempo, a microtonalidade, a relación entre a melodía e a prosodia, e as posibilidades técnicas do violín.

Juan Durán. Tras un período de formación incial, cursa estudos oficiais nos conservatorios superiores de A Coruña e Vigo, onde obtén o título de profesor superior. Desenvolveu unha certa actividade como instrumentista de piano, no eido do acompañamento e a música de cámara.

Profesor numerario do Conservatorio Superior de Música da Coruña de 1987 a 1997, exerce como pianista acompañante, profesor de solfexo, acompañamento e análise. En 1987 funda, xunto a compositores como Paulino Pereiro, Xavier de Paz ou Juan Vara, a Asociación Galega de Compositores, co obxectivo de contribuir á divulgación da música sinfónica galega. En 1991 ingresa por oposición no Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas. En 1997 é nomeado Asesor-técnico de Música e Artes Escénicas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. En 2005 ingresa por oposición no Corpo de Inspectores de Educación, na especialidade de Ensinanzas Artísticas.

O seu compromiso coa música galega lévao a desenvolver traballos de recuperación do patrimonio musical, como orquestracións de obras de Juan Montes (a petición do prestixioso musicólogo José López Calo), Juan José Castro “Chané” ou Marcial del Adalid, de quen reconstruiu, xunto á súa máis destacada especialista Margarita Viso, a súa ópera *Inés e Bianca*, por encargo do IGAEM. No ano 2000 consegue o Premio de Composición organizado pola Universidade Carlos III de Madrid coa súa obra *Álbum para Orquesta*.

Na súa produción compostiva destaca a música de cámara e o lied, atendendo tamén á produción didáctica, con traballos orientados tanto á linguaxe musical como a obras instrumentais: *Álbum de Orquesta*, *El Jardín de Margarita, Juguetes, O Señor Biscuit*, etc. Recibiu encargos da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (*Longa noite de pedra*), Concello de Ferrol (*Juegos tímbricos*), Orquestra Sinfónica de Galicia (*Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz),* Real Filharmonía de Galicia *(Divertimento)*, Festival Mozart (*felizcumpleañosmozart.com)* ou o Festival Via Stellae (*Cuarteto de corda*).

A súa obra de cámara e vocal é regularmente interpretada, especialmente nos auditorios galegos e salas como a da Fundación Juan March, o Instituto Cervantes de Nueva York, o Ciclo de Música de Cámara y Polifonía de la Orquesta de Radiotelevisión

Española, a Fundación Calouste Gulbenkian, o Auditorio Nacional de Madrid, o Palau de la Música Valenciana, etc.

Mantén unha fluída relación co “Grupo Instrumental Siglo XX” (integrado por primeiros atriles da Orquestra Sinfónica de Galicia), destinatario da primeira audición dalgunas das súas máis importantes obras camerísticas.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
VICERREITORÍA DE CULTURA